

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES EN DATA 21 DE DECEMBRO DE 2023**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, DESENVOLVEMENTO ASOCIATIVO, ECONOMÍA,
FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

ROGOS E PREGUNTAS

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1.- Cando van a presentar o presuposto do concello do exercicio 2024?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que o orzamento está feito; que están pendentes dos informes técnicos; que a idea é presentalo ao pleno en xaneiro de 2024.

“2.- -Que empresa elabora a RPT do concello e cando a van a presentar”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen, unha vez concedido, manifesta que a empresa se chama Consultores de Gestión Pública; que a documentación está presentada; que están pendentes de informe de Intervención e a idea é tamén presentala no pleno do mes de xaneiro de 2024.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, MEDIO AMBIENTE, MOBILIDADE,
SANIDADE, SEGURIDADE CIDADÁ, TURISMO, PATRIMONIO, TRANSFORMACIÓN DIXITAL E
INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

ROGOS E PREGUNTAS

Rogos de Alternativa dos Veciños presentados por escrito

“1.- Rogan se eleve o paso de peóns da DP-1702 situado fronte á estación de ferrocarril de Cambre, no que anteriormente había unhas bandas redutoras de velocidade, retiradas segundo lles comentan a petición da veciñanza da zona polo ruído que ocasionaban”.

O Sr. González Leirós manifesta que lle parece unha proposta moi coherente; que onte se lle comunicou á Deputación, quen é a que ten que dar a autorización.

“2.- Rogan que se adecente, na medida do posible, o solar situado detrás do centro de saúde do Temple. Está habilitado como aparcadoiro para a veciñanza e debido as últimas chuvias e a maleza que invade as beirarrúas, so pode ser utilizado por furgonetas e todoterreos (non é a primeira vez que ten que vir un guindastre a sacar algún coche)”.

O Sr. González Leirós contéstalle que é unha propiedade privada; que trataron de negociar con eles; que hai un administrador concursal que é reaccionario a asinar nada sen autorización xudicial; que isto non é público, polo que non poden investir.

O Sr. Castro Uzal intervén e manifesta que neste caso hai varias cousas; que se usa como aparcadoiro e alí hai sinais postos polo concello.

O Sr. González Leirós manifesta que terían que habelas retirado; que se colocaron cando se estaba a reparar a a rúa Estanque; por iso habilitaron ese lugar con consentimento do titular para aparcar.

O Sr. Castro Uzal intervén e manifesta que é utilizado para outras cousas que non son aparcadoiro; mesmo, se utiliza como entulleira.

O Sr. González Leirós manifesta que non pode máis que estar de acordo co Sr. Castro Uzal; que isto o volverán a pensar; que a segunda fase do Temple necesita o mesmo que a primeira fase.

“3.- O pasado luns recibiron o calendario de incidencias e limpeza dos contedores de lixo ao longo do concello. Chámalles a atención que segundo se desprende dos datos achegados, a última limpeza dos contedores da rúa Estanque, á altura do número 10 foi o pasado mes de outubro; achegan fotos nas que se quere, incluso lle podría dar datas de dada unha delas, onse se pode apreciar o que tantas veces levan denunciando, que non se está a facer correctamente. Rogan que se faga un férreo seguimento por parte da concellería e exixirlle ao Consorcio no caso de que non cumpran co estipulado”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy quen, unha vez concedido, di que acepta o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1.- Cando finaliza o prazo de licitación do proxecto de reforma da praza Fernando Buesa no Temple?”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que o día 3 de xaneiro de 2024.

“2.- Poden especificar unha data de reparación da calefacción do colexio do Graxal?”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que está todo preparado; que chegou a peza e hai que soldar; que non lles pareceu suficientemente seguro cos nenos no colexio; que, agás que haxa algunha incidencia, quedaron para este venres para solucionalo e que comece a funcionar.

A Sra. Interventora solicita ao Sr. Presidente se lle permite intervir para expoñer unha aclaración en relación coa tramitación do expediente deste gasto; ao que o Sr. Presidente manifesta que non lle concede o uso da palabra.

Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas por escrito

“1.- Cando vai estar reparada a iluminación pública da estrada que conecta San Lourenzo con Andeiro?”.

O Sr. presidente intervén e manifesta que cortaron as ramas das árbores; que hoxe pola mañá chamou a Instelec para que foran a reparala e agarda que entre hoxe e mañá estea feita a reparación.

Preguntas do Bloque Nacionalista Galego presentadas oralmente

- En relación coas prazas de aparcadoiro para persoas con dificultades físicas e bancos onde se poidan sentar, que solicitou no seu día, quere preguntar ao concelleiro responsable que tramitación ou que actos se levan feito ao respecto.

- No seu día a parada do apeadeiro de Cecebre en dirección cara A Coruña tiña unha marquesiña; que cando se realizan unhas beirarrúas se elimina esa marquesiña; que posteriormente esa marquesiña se colocou nun tramo da estrada que está diante da fundación Wenceslao Fernández Flórez; que os veciños solicitaron reiteradamente que a marquesiña se coloque no seu lugar orixinal, porque onde está agora non para o autobús; que o Concello comunicou aos veciños que a marquesiña non cabe nese lugar. Quere unha explicación de por que este desatino.

- Teñen constancia de que se teñen presentado queixas por parte dos veciños da costa da fame, que é a estrada municipal que vai da fundación Wenceslao Fernández Flórez cara ao Piñeiro, hai uns carballos, que son moi importantes e que se deben protexer, pero que teñen a súa caída cara á estrada e di que cunha boa xestión da poda evitaría o risco para os veciños.

- Respecto da limpeza dos balados, en concreto en Sobreguexe, Cecebre, expón que a máquina pasa e non soamente arrastra as malezas senón que tamén desprende pedras e terra; que esa terra cae nas beirarrúas; que quizais a fórmula de facer a limpeza viaria soamente con máquinas non abonda.

- Sorprendéulle ver no informe da recollida de lixo, porque ve que hai veciños e veciñas que collen os colectores verdes e os meten dentro das súas fincas e di que lle parece ben poñer unha nota informativa dicindo que non son privados.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1.- Cando está previsto que rematen as obras da rúa Polígono?. Xa que están obrigando a desviar o tráfico, causando unhas retencións importantes sobre todo a primeira hora da mañá, debido ao problema eléctrico que sufríu a veciñanza da citada rúa o pasado mes de setembro”.

O Sr. presidente manifesta que falou coa empresa; que agora, debido ao convenio da construción, teñen que marchar e non veñen ata o mes de xaneiro; que, a partir de aí, din que un mes ou mes e medio.

Pregunta de Alternativa dos Veciños presentada oralmente

- Por que non se instala un método disuasorio, como se fixo no seu momento coa defecación dos cans, a modo de multa para que a xente non meta o contedor de lixo na súa casa e deposite nel todo tipo de cousas, non soamente os restos das podas senón tamén uralitas, rodas, etc.; di que isto hai lugares nos que ocorre a diario.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parcero Quiñoy, quen, unha vez concedido, di que a xente xa sabe que non se pode facer isto e que se multa; que non se pode estar as vinte e catro horas do día vixiando a rúa e, se non se detecta no momento, non se pode saber quen o fixo.

COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, DESENVOLVEMENTO LOCAL, DEPORTES, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E CULTURA

ROGOS E PREGUNTAS

Rogo de Alternativa dos Veciños presentado por escrito

“1.- Todos son coñecedores da falta de calefacción no CEIP O Graxal do Temple. Levan quince días sen calefacción, ao que se lle suma a Casa das Palmeiras, motivo para rogar medidas urxentes para paliar esta situación”.

O Sr. presidente manifesta que o Sr. González Leirós contestou na Comisión de Presidencia, Desenvolvemento Asociativo, Economía, Facenda e Réxime Interior.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguio quen, unha vez concedido, manifesta que agora se dixo que estaba a peza e pregunta desde cando, xa que é moito tempo sen calefacción; que, a maiores, estaban sen calefacción tamén na casa das Palmeiras.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que a casa das Palmeiras non está sen calefacción; que o problema é que falla a caldeira e, de vez en cando, se apaga; que se vai solucionar.

O Sr. Varela Fraguio intervén e pregunta se se queda co compromiso que dixo o Sr. González Leirós de que mañá estará amañado.

O Sr. presidente manifesta que si, que iso agarda,

Preguntas do PP presentadas por escrito

“1.- Imos ter cabalgata de Reis este nadal?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. López Saborido quen, unha vez concedido, manifesta que onte rematou o prazo de presentación de ofertas e despois desta sesión terá lugar a mesa de contratación.

A Sra. Piñeiro Fernández intervén e pregunta se garanten que haberá cabalgata.

O Sr. López Saborido manifesta que hai que analizar a documentación dos que se presentaron; que depende de que se presenten e presenten ben a documentación.

A Sra Piñeiro Fernández pregunta se hai un plan B; ao que o Sr. López Saborido manifesta que si, pero que non pode garantir que sexa cabalgata.

“2.- Cal é o motivo para que non se celebrara a merenda e exhibición dos alumnos de ximnasia do Brexo-Lema?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que este ano o contrato está en precario, polo que non se celebrou ningunha cerimonia de clausura das actividades incluídas dentro do programa de escolas de actividade física e de saúde; que xa se está a traballar nos pregos do novo contrato.

Pregunta do Bloque Nacionalista Galego presentada por escrito

O Sr. Cubeiro Fernández manifesta que formula a pregunta, que xa está contestada:

“1.- Foron coñecedores que non funciona a calefacción no CEIP do Graxal. Que medidas están levando a cabo para paliar esta situación?”

O Sr. presidente manifesta que conseguir a peza.

A seguir, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen manifesta que saltou o diferencial; que se desenchufaron; que se probou a enchufar noutras fases e que si funcionaban.

Pregunta do Bloque Nacionalista Galego presentada oralmente

- A Asociación de Empresarios asume a iluminación de Cambre, a deshora; o Belén de Bribes o patrocina Venancio Salcines e, agora, inquietante a resposta á pregunta do Partido Popular respecto da cabalgata; que realmente cre que non teñen un plan B, que non o hai.

O Sr. presidente manifesta que se lle contestará por escrito.

Preguntas de Alternativa dos Veciños presentadas por escrito

“1.- Querían coñecer cal é o número de queixas actual do SAF?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas quen, unha vez concedido, manifesta que actualmente hai 4 queixas presentadas por escrito no rexistro; que hai un total de 136 usuarios.

“2.- Que avances hai no prego/novo contrato do SAF?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Prieto Lamas quen, unha vez concedido, manifesta que se redactou o prego; que se actualizou o estudo económico e que se delegou a Secretaría o día 7 de decembro.

“3.- Para cando está prevista a apertura da ampliación do complexo deportivo municipal da Barcala?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que as obras case se remataron; que está pendente dun informe de Secretaría Contratación sobre o modificado do proxecto; que cando estea se efectuará a apertura da ampliación.

“4.- Que pasos se deron para a apertura ao público do xardín da casa de Xuventude de Arrigada?”.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Rodríguez López quen, unha vez concedido, manifesta que para a apertura ao público do xardín hai que facelo pola parte que dá a urbanización e é da urbanización; que se falou cos veciños, pero que de momento non se chegou a ningún acordo.